



NORMAS DE PARTICIPACIÓN ENTROIDO 2020

1.- Realizarase un desfile dende o **Praza da Gándara** ata a **pista polideportiva da Solaina** e, deseguido, terá lugar nesta o festival de comparsas, baixo toldo.

2.- Os días de inscrición serán do **10 ao 14 de febreiro**, en horario de **09:00 a 14:00**, no **Pazo da Cultura**, tendo que presentar **1 copia** das letras a interpretar e os datos persoais do representante da comparsa.

3.- Poderán inscribirse **un máximo de 7 comparsas de Narón e 3 de fóra deste concello**. A selección das comparsas participantes farase por **estricta orde de inscrición**. No caso de non cubrirse o número de comparsas de Narón, poderá cubrirse con comparsas de fóra, e viceversa, sempre que a organización o considere oportuno.

4.- O Padroado resérvase a posibilidade de convidar algunha outra comparsa, tanto de Narón como de fóra, comprometéndose esta a participar unicamente nos actos do Día do Entroido en Narón.

5.- Todas as comparsas participantes no festival farán o percorrido dende o **praza da Gándara ata a pista polideportiva**, a pé, o **sábado día 22 de febreiro**, sendo a saída conxunta ás **17:00 horas**.

6.- As letras a interpretar polas comparsas falarán, **obrigatoriamente**, de **temas locais do concello de Narón**, sendo o idioma a empregar **o galego**.

7.- Cada comparsa estará formada por un mínimo de **15 membros** que deberán ser, na súa maioría, **persoas de máis de 14 anos**.

8.- Cada comparsa disporá dun tempo **máximo de 10 minutos** para actuar nos que, co bo humor, fará crítica de todo o que nos trouxo o ano 2019.

9.- Todas as comparsas participantes no festival e que sexan de Narón (**enténdese por comparsas de Narón, aquelas en que, como mínimo, o 75% dos seus compoñentes residan en Narón, dato este que poderá ser comprobado pola organización**), terán a obriga de facer unha actuación na súa parroquia e outra en calquera outra parroquia do concello, con percorrido se é posible.

10.- O Padroado da Cultura asignará unha axuda económica a todas as comparsas participantes, coa seguinte contía:

Comparsas de fóra de Narón	400 €
Comparsas convidadas	400 €
Comparsas de Narón	800 €

As Comparsas de Narón participantes no programa de dinamización hostaleira e de comercio, percibirán una aportación económica a maiores de **100 €**, **podendo entón percibir una contía de ata 900 €**.

11.- Establécense os seguintes premios: **1º, 2º e 3º premio**. Estes consistirán nunha figura, recordo do Día do Entroido.

12.- Para o outorgamento dos premios, o xurado, composto por unha persoa a proposta de cada comparsa, máis unha persoa do Padroado da Cultura, terá en conta:

- A orixinalidade dos disfraces.**
- O enxeño da crítica feita na actuación.**
- A calidade musical.**
- O que cada actuación supoña de recuperación do Entroido en Galicia.**

13.- A participación das comparsas no festival supón a aceptación das presentes normas.